



O Centro de Competencias cumpre o seu primeiro ano de andanza

1.251 empresas empregaron os servicios do Centro de Competencias en Comercio Electrónico

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia vén de cumprir un ano de andadura. Neste curto espacio de tempo, son moitas as actividades desenvolvidas, nas que quedou patente o interese das empresas galegas no comercio electrónico. Os 1.251 usuarios pertencentes a PEMEs galegas que se beneficiaron dos servicios do Centro de Competencias no último ano demostran este interés polo comercio-e.

1.251 pequenas e medianas empresas (PEMEs) galegas empregaron os servicios do Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, que ven de cumprir un ano dende a súa posta en marcha. Esta cifra de usuarios corresponde ós profesionais e empresas que empregaron o Centro de Competencias dun xeito directo, isto é, a través dos cursos, conferencias e ó departamento de soporte, que presta asesoramento ás PEMEs galegas interesadas en desenvolver iniciativas de negocio electrónico.

O Centro cumpriu un ano de andanza o pasado mes de marzo, superando neste primeiro ano de actividade as expectativas iniciais e constatando o interese das empresas galegas nesta nova canle de negocio que é o comercio electrónico. As catro áreas do Centro de Competencias desenvolveron un intenso labor neste tempo que se plasma nas seguintes actividades :

Observatorio

O Observatorio do Centro rematou a publicación do Informe e-Barómetro correspondente ó ano 2002, que elaborou a partir do estudio do Equipo de Investigacións Políticas e Sociolóxicas da USC. Os datos revelados neste informe centráronse no emprego de Internet e o comercio electrónico en Galicia, tanto entre as empresas como entre cidadáns. O informe foi difundido a través da revista **e-negociogalicia**, na web do Centro de Competencias e a través de publicacións e medios de comunicación rexionais. Ademais doutros informes de interese xa divulgados na web, nestes momentos o Observatorio do Centro de Competencias xa prepara o informe e-Barómetro correspondente a este ano 2003.



Formación

A área de Formación acadou un gran éxito de demanda durante o último ano. As inscricións de alumnos nos cursos de comercio electrónico superaron con moito a oferta e a meirande parte deles completaron as prazas dispoñibles. Deste xeito, nos **20 cursos organizados** polo Centro de Competencias ata o pasado mes de marzo formáronse numerosos empresarios, directivos e persoal de PEMEs das catro provincias galegas. O programa de formación vai continuar ata setembro de 2003, período no que está previsto celebrar **10 cursos** máis nas principais cidades galegas. Ademais, o Centro de Competencias organizou varias conferencias e participou noutros eventos nos que as empresas galegas se interesaron por información relativa ó comercio electrónico.

Soporte

A área de Soporte do Centro entrou en funcionamento pouco antes do verán pasado. Dende entón, as consultas de empresas que procuraban unha orientación inicial respecto ó comercio electrónico ou Internet foron *in crescendo*, ata o punto de que varias PEMEs decidiron poñer en marcha iniciativas de comercio electrónico. Xunto ás empresas tradicionais galegas, foron tamén numerosas as empresas TIC que se rexistraron na base de datos do Centro correspondente a provedores deste tipo de servizos. Nos vindeiros meses, o Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia agarda que a curva de demanda das empresas galegas nesta área non só se consolide, senón que ademais experimente un importante pulo.

Comunicación

O gabinete de Comunicación foi o catalizador das informacións xeradas polo Centro. Coa revista **e-negociogalicia** e a páxina web (**www.e-negociogalicia.com**) como principais instrumentos, o Centro de Competencias difundiu contidos de interese sobre comercio electrónico. A revista e-negociogalicia, da que se publicaron xa 10 números e se distribuíron case 70.000 exemplares entre as PEMEs galegas, rexistrou gran demanda e foi obxecto de numerosas solicitudes por parte das PEMEs galegas. Mentres, a páxina web obtivo nos últimos meses unha media de máis de 4.500 visitas ó mes. Ademais, nas próximas semanas, o Centro vai poñer en marcha o primeiro boletín electrónico de comercio-e galego que, cun carácter semanal, se distribuirá por e-mail entre preto de 1.000 PEMEs galegas.

O **Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia** é unha entidade promovida pola Xunta de Galicia e apoiada polo CESGA, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago. Se quere ampliar información, pode poñerse en contacto connosco.

Reciba un cordial saúdo.

Dpto. de Comunicación
Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia